



**SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO SOBRE  
CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS**

Selo do rexistro:

**DATOS DO SOLICITANTE**

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL:			
DNI/CIF :	ENDEREZO:		
CONCELLO	C.P.	TFNO DE CONTACTO	CORREO ELECTRÓNICO:

**EN CASO DE ACTUAR EN REPRESENTACION DE ALGÚEN**

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL DA PERSOA RESPRESENTADA	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN :	

**ENDEREZO E MEDIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ( cubrir so si é distinto ao de residencia ou medio distinto ao correo ordinario)**

--

**Expón** que solicitou a preceptiva licenza municipal para as obras \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ (descripción das obras) no inmovble  
situado en \_\_\_\_\_, e que as referidas obras reúnen os requisitos necesarios para ter dereito ás bonificacións  
previstas na Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello da Pastoriza (BOP núm. 165 de 18 de xullo de  
2012).

Por todo iso, **Solicita** que se lle aplique a seguinte bonificación na cota do imposto (marcar cunha X o suposto de bonificación que solicita)

- Por construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou historico-artísticas .  
\_\_\_\_ Artigo 4.1 a)  
\_\_\_\_ Artigo 4.1 b)  
\_\_\_\_ Artigo 4.1 c)
- Por construcións, instalacións e obras que afecten a vivendas e outras edificacións que se caractericen pola súa especial vinculación co sector primario de carácter agrícola, gandeiro ou forestal. (artigo 4.2)
- Por construcións, instalacións e obras que afecten a vivenda habitual familiar de familia numerosa (artigo 4.3)  
\_\_\_\_ Categoría xeral  
\_\_\_\_ Categoría especial.
- Por construcións, instalacións e obras. para favorecer o acceso e habitabilidade dos discapacitados (artigo 4.4 )
- Por construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial (artigo 4.5 )

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (marcar cunha X a documentación que achega)**

<input type="checkbox"/> DNI/NIE/CIF del representante e documentación acreditativa da representación (só no caso de que exista representante)
<input type="checkbox"/> Copia da solicitude da licenza municipal de obras
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa dos requisitos da bonificación.

\_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

(sinatura do solicitante)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA PASTORIZA

*En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados ás bases de datos das que é responsable o Concello da Pastoriza, coa única finalidade de exercer as competencias do Concello derivadas desta solicitude e especialmente en materia de xestión, inspección e recadación de ingresos de dereito privado. Se o desexa, poderá exercer respecto aos datos facilitados, o seu dereito de acceso, rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, ante o CONCELLO DA PASTORIZA no Rexistro Xeral, na dirección PRAZA DE GALICIA, 1-27287 A PASTORIZA LUGO.*



NOTA INFORMATIVA SOBRE OS SUPOSTOS E ALCANCE DAS BONIFICACIÓNS DO IMPOSTO SOBRE  
CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS NO CONCELLO DA PASTORIZA.

**Artigo 4 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello da Pastoriza aprobada polo pleno con data 26 de maio de 2012 (BOP núm. 165 de 18 de xullo de 2012):**

A cota do imposto sobre construcións, instalacións ou obras será susceptible de bonificación nos seguintes supostos:

1. Bonificación a favor de construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou historico-artísticas que reúnan as seguintes características:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas, Entidades Locais e os seus respectivos Organismos Autónomos, gozarán da bonificación en cota do 95 % polas construcións, instalacións e obras destinadas a hospitais, ambulatorios e educación infantil, primaria e secundaria.

b) O Estado, as Comunidades Autónomas, Entidades Locais e os seus respectivos Organismos Autónomos, gozarán da bonificación en cota do 50 % polas construcións, instalacións e obras destinadas a centros educativo-culturais, sanitarios, asistenciais, sociais, culto-relixioso e os que se refiren á conservación, rehabilitación ou protección dos bens inmobles ou dos espazos de interese que figuren nos Catálogos de Bens e Espazos Protexidos.

c) Así mesmo, aquelas entidades, asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro terán unha bonificación na cota do imposto do 50 % polas mesmas construcións, instalacións e obras recollidas nos apartados a) e b) do presente artigo.

2. Os suxeitos pasivos gozarán dunha bonificación do 50 % por aquelas construcións, instalacións e obras que afecten a vivendas e outras edificacións que se caractericen pola súa especial vinculación co sector primario de carácter agrícola, gandeiro ou forestal.

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de membro de familia numerosa na data de devengo do imposto, e no relativo a aquelas construcións, instalacións e obras que afecten a súa vivenda habitual familiar, terán os seguintes porcentaxes de bonificación, conforme ás categorías de familia numerosa establecidas na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas:

Categoría Xeral: 30 % de bonificación da cota íntegra.

Categoría Especial: 90 % de bonificación na cota íntegra.

A tal efecto, entenderase por vivenda habitual familiar aquela na que estea empadroado o suxeito pasivo que teña a condición de membro de familia numerosa acreditada mediante a presentación do correspondente título, ou aquela vivenda que vaia a selo nun prazo máximo dun ano unha vez terminada a a construción, instalación ou obra.

4. Bonificación do 80 % a favor das construcións, instalacións e obras específicas que sexan necesarias para favorecer o acceso e habitabilidade dos discapacitados, por aquela parte do proxecto que afecte unicamente a estas construcións, instalacións e obras.

5. Bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial: 50%.

No caso de que concorran máis dunha bonificación na mesma solicitude aplicarase a máis elevada.

As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

a) Solicitude do interesado que deberá presentarse coincidindo coa solicitude das correspondente licenza.

b) Informe dos servizos municipais correspondentes.

c) Acordo da Xunta de Goberno Local.